



N.º 123

Tomo 11

# nós





BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

---

DIRECIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

---

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

Este boletín non publicará mais crixinas que se  
que foran directamente solicitados pola Dirección.  
Tampouco se fai solidario das ideas n-elas emi-  
tidas, a non ser dos que por non iren rubricadas,  
enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

---

S U M A R I O

- TÍ APARECICHES, por RICARDO CARBALLO CALERO.  
O QUE FOI, por LUÍS MANTEIGA.  
A ROMEIRÍA DE GELMÍREZ, por RAMÓN OTERO PEDRAIO.  
MITTELEUROPA, por VICENTE RISCO.  
ARQUIVO FIOLÓXICO E ETHNOGRÁFICO DR GALIZA  
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

---

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense

Vicente Risco

Abogado



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XVI ★ Ourense 15 de Marzo de 1934 ★ Núm. 123

Ti apareciches. Cada  
surrisa túa era  
unha felicidade.

Eras como unha abedoeira frorida.

Ao teu redor, doncelas  
de longa cabeleira  
prendida con estrelas,  
zoaban como abellas.

Lonxe de tí, cen mozos  
debecían pol-o teu corpo de ouro.

Cada fror que te ollaba  
unha cita che daba.

Do ceo chovian telegramas  
Inquirindo noticias da túa i-alma.

O vento fa perdido  
n-unha fraga de espadas.  
Sanguento i esgazado,  
os teus pés percuraba.

A gorxa che cinxía  
un colar de anduriñas.

A luz erraba, tola,  
coma unha femia encoira.

A vestía a túa ollada  
de veos de dozura.

Os galos  
dábanche a benvida.

Por ti,  
crarfns do mediodía,  
en todos os quinteiros  
rosarios de rubíns  
chovían.

RICARDO CARBALLO CALERO.

Do libro, que anda a editar Nós, O SILENZO AXIONLLADO.





# O Q U E F O I

Por LUIS MANTEIGA

**E** un intre calquera d'un día sin cousas. A quietude do encerro alonga as horas hastra o infindo i-un non sabe do camiñar dos reloxes, porque non hai senso do tempo nas horas inútiles. O cuarto e un dado branco i-eu n-el unha causa gardada. Pol-a xanela fuxiron as ideias i-as preocupacións. É un intre dos que moitos chaman felices, un intre valdeiro, no que un home é igual a unha causa.

Eu ando a ollar o branco das paredes, e a rillar, cos dentes, o guincho dunha uña, coma un picaro da escola. Decátome de que estou lonxe de min mesmo, e sintome tan ben, coma si tivese feito o troco da miña concencia, con un rapaz ledo. Viñeron os homes a me ver, e fóronse; viñeron os berrros dos rapaces que xogan na rúa, e calaron; veu a monxa mainiña a saber de min, e dixome adeus. Agora o vixilante, anda a morder no tempo c'os seus pasos fortes, más aló da porta, i-eu estou só. Na outa xanela hay unha reixa historiada, que dibuxa o ceu gris. De moi lonxe ven o chorar maino dunha fonte antiga, qu-eu conozo ben. Eu sinto a grandeza desta casa à que son alleo, vouna querendo mais que por si mesma, e toda a casa é pra min, agora, este cuarto branco, no que se espreguiiza a cama, e un Cristo dorme pendurado na parede. Eu son eu na miña soedade, pro os meus pés están trabados por unha orde que veu, ninguén sabe de onde, e a miña soedade esta-ía a esmagar o paseo dun home enmascarado, que vixía o silenzo da miña sumisión.

Moitas veces vexo os homes, coma rodas frias dunha máquina infernal. As miñas mans humans queren acariciar a intimidade

dun home lonxano, e topan c'oa codia dura de moitas cousas inhumáns, que afogan cáuse totalmente unha candefía invisíble de humanidade probe. Entón penso que nada se pode faguer xa c'oa humanidade, e sinto afogos de auguria, e anceios tolos de soedade, pra poder sentir en min a todal-os homes, tal como eu os quero, como a doces irmáns, fillos de Deus, dese Deus sin nome nin existencia, que eu sinto en min, i-en todo.

Agora estou lonxe de todal as cousas, que noutrora matinan na concencia con doores e ledicias. Agora son unha causa fría e valdeira que deixa correl o tempo sobre de si. Os ollos pasean quedamente pol-as paredes brancas a precura das formas estranhas que fan as nodoas esvalidas, i-as escarbas do cal. O Cristo non ten razón neste cuarto valdeiro. Un almanaque esquencido, canta os días dun ano que morreu fai tempo. Pendurado dun cravo, o vello Avenzoar, médico muslime, quer aviscar a sua estampa, na faciana porca, dun espello recomido da friaxe. Todo e frio e mol coma un corpo morto. Nas outas torres que non se ven, alguénbate os badaxos das campás, i-o són desce mainamente sobre do pobo, coma unha bendición de bispo vello. Eu sinto caer as badaladas mornas, tan coñecidas, pra morrer no silenzo; elas contan as horas, pros que querian seguir-o correr do tempo; pro eu estou afastado de todo, e todal-as cousas me son alleas sin que sepa o porque. Eu descanso na miña ausenza consciente, sintome ben no silenzo de soedade, e non penso en nada, nin sinto anceios de ningunha compañía. E coma si estivese a dormir, sin soñar con ninguén, ando a contar as táboas engadidas que

pisan os meus pés; son corenta e oito, seño ben, dun cabo a outro do cuarto. Tamén sei cantos pasos pudo dar en cada dirección, son déz de curro a curro, e sete dun xeito, e oito de outro. Conoz o meu ámbito, como a pel das miñas mans. Ningunha cousa o chega a min, ningún engádego o fai dino d-aprezo, i-ou sintome abrazado a él coma un monxe á sua celda. Mañá, calquer día, levaránme d'aquí pra outro corruncho, ou pra porme na rua cos camiños abertos a miña vontade i-ou non sentirei door, nin leidicia; e tampouco sei porqué.

Non, non pensedes que xa me abonda a miña compañía, pra vivir no mundo, non. Inda hay moitas cousas, e moitos homes, e moitos anceios, que me fan estremecer. Inda non lle dixen adeus os homes, nin ás cousas. Teñen moitas feridas gardadas na i-alma, feridas fondas que non pecharán nunca, i-a pesar d'eso, sintome novo e tremante, coma nos días en que cada cousa avisada, tiña un saudo primeiro pra miña concencia. Estou de volta de todal-as cousas, e non renunciei a ningunha. Pro este é un intre socegado, coma o repouso dunha grande laboura.

A reixa da outa xanela, fai arabescos de soma no ceu gris. Foi un dia mol de inverno, sin dentes, nin bruar de ventos, nin solagaduras d'auga, nin rayolas de sol. Un día que n-este intre, quer acabar. O gris albeado do ceu, vaise esbaiendo, com'a cara dun mulato que morre. Nos recunchos do cuarto, baixo de min, baixo das cousas, rebulen xa as somas da noite a outa xanela olla a praza magna, que a Galaxia señala polos camiños do mundo. Eu só vexo o cumio dos tellados que se alonxan do corazón do pobo, i-o gurreiro albeado no frontis do pazo. É a hora recolleita dos rezos, a hora da larganza dos traballos, a hora en que a cibdá comeza a sua vida atolada e falsa. Cen sinos distintos cantan o Angelus, o seu son cristañío ven a espertar en min horas perdidas pra sempre, horas tan lonxanas, com'a cega mocedade esquencida. A voz baruda da outa campá responde severa a todal-os sinos, e a sua badalada aletea moi tempo no espazo e non se vai, porque se crava nun. Eu sinto dende eiquí, toda a maxia solemne dun pobo que durme a sua vida, a carón dun mito

que non se atreve a matar. Eu sintome vagar polas ruas empedradas, á veira das igresias e dos mosteiros, que non son ainda mámoas esquencidas. Eu sinto rabufiar a emoción dos soños vividos nas horas medolientas das noites; nesas horas en que todal-os homes semellan somas claustraes, e os pasos propios van roendo no tempo e no silenzio, coma si alguén contara os intres, tras dun. E sintome colido no sono do pobo, nese sono medoño en que non pode dormir a miña descreenza, e decátome entón de que todo é a maxia d'un intre, e ceibo unha gargallada de bulra pra min, e pras cousas, e volvo a contar as táboas engadidas do piso, a ollar as paredes, a refregar nas mans prás aquecer. Pro xa non teño aquela pasividade tranquila do denantes. Agora sinto unha cousa fría na concencia viva, coma si alguien me estivese agatufando un anaco da i-alma; coma si acabara de sair dunha grande door.

Cousas imprecisas, sin forma, pónense de pe na concencia a berrar sin razón nin porqué. E un intre inquieto en que unha cousa lonxana, que non sei que é, volve sobre min. Rinchan as táboas cos meus pasos, os pasos longos e fortes do vixilante petan en min, coma si andiveran a mazarme o corpo. Sinto o aldraxe do asoballamento, a força das cousas sobre de min; e vexo que non é por esto a miña door, que é por algo mais fondo e mais íntimo que non quero lembrar, e unha rabia medoña me colle as mans con anceios de aforcamento; e todo é inxusto, com'a rabeche dun rapáz mimado, que apaña un recurso.

A noite vense de mais aló das cousas i-éncheo todo. Na grande praza acéndense as candeeiras das lumieiras, i-o ceu é cada vez dun branco mais escuro. Silenzio de anoitecer. Unha pombiña branca vense a pousar na xanela, i-arrula docemente Deus sabe que desacougos. Eu brinco de pés na cadeira pra acadar a pombiña. Quixería sentir o seu corazón saloucar inquieto nas miñas mans; quixería acarillar a seda das suas penas brancas; quixería ter algo vivo e puro xunto de min, a pombiña fuxe con voo rumoso e vaise pola noite hast'a solaina de pedra da catedral.

Ninguén na praza, só as pedras i-o silen-

zo. Pol-as arcadas da solaina rebulen somas de lembranzas imprecisas; dentro de mi trema unha inquedanza. Meus ollos escrutan o vagalume do serán; meus ollos teñen xa visións de sono, tróuxollas o embruxo das formas, as arcadas da solaina, a lanzal figura da torre do homaxe. Os días non morren na concencia, esquézcense somentes. Agora os ontes viven de novo frente a mi mesmo. Son eu, fora de mi, a tremer nun degaro insatisfeito; son eu, ca miña vida nos beizos, nos ollos, e nas mans, i-ela abrazada a mi. Andamos a ollar o Tesouro, andamos a decatarnos das cousas, pra darnos conta da nosa realidade; doux pícaros ensoñados. Buscamos a outura pra estar sobre das cousas, pra ter un espazo mais grande en que navegar; o mundo é pequeno pra nos os dous. ¿Sabedes?, ter baixo da man, o que non se pode acadar con ningunha apreixa; sentir a ingrávidez do propio corpo, i-a febleza de todal-as cousas; ollar o ceu coma un trono, i-o mundo coma un vieiro frolecidio; ser un plenamente, nunha concencia que está fora dun. ¡O que non se pode decir!

As escadínas estreitas ruben como unha serpe pol-o corpo duro da torre, i-o final está o balcón mirador. A cibdá é un campo de tellados, e más aló a quietude recolleita e mística da paisaxe posta de xionllos. Nós ollamos sin ver; os seres tremen na emoción do intre. ¿Non sabedes?, un quixera a eternidade pura do intre inconmensurábel; un quixera matal-o tempo, pra quedar pra sempre no extasis; non hay más alá. Sorrin o ceo e a terra, coma si foran padriños comprensivos; sorri todo, dentro e fora d'un, e xuntanse os beizos, i-os corpos, i-as almas, nun puro avatar mútuo, que abendizoan as cousas ca súa presenza.....

Aquello foi. Agora é só a noite fria e a soedá. A miña i-alma pode sair de si mesma pra abrazarse ás cousas; pro todos sabedes que as cousas non son as persoas; todos sa-

bedes que a soedá pesa, cando un home quixera que a súa vida non fora como é. Aquello foi, ¿e por qué non é, si é qué foi?; ¿por qué se van as cousas?; e si teñen que irse, ¿por qué se lembra un d'elas?

A noite metéuse no meu cuarto coma unha néboa medoflenta. A mi quedóume unha malenconía enfermiza que ceiba doce sobre de mi; é un andar á roda sobre d'un mesmo, coma o cán que quer dormir. Enfiado nun matinar unilateral, todo tén unha realidade pesimista sobre de si. A vida é ir galgando sobre dos feitos, pra deixare en cada un, un anaco da intimidade; a vida é un ir esnaquizándose miudamente en todolos degaros, pra non chegar nunca a unha posesión; a vida é inxusta sobre todal-as razóns. Dentro d'un nacen anceios porque si; emergen da i-alma necesidades más fortes que a da mesma vida, e un corre trás d'elas pra romper a testa en todolos fracasos, sin que seipa nunca o porqué.

Aquello foi, tan real e pleno como é a noite; pro xa non é. Así foron moitas cousas. Así foi a miña fé, a miña fé nos homes, en mi, no mañán, nas cousas, en Deus; ese rosario de fés que engaiola a vida, e faino, a un, sorrir sobre todolos fracasos, e sobre todal-as doores; así foi, e xa non é así. ¿Por qué se van as cousas?; ¿por qué non esquençemos as cousas que se van?, ninguén sabe. Eu ando a patuxar nas somas, i-a escarabellar en mí mesmo, coma un sádico que se quer complacer.

As badaladas descén mainas, das outas campás, contando nas horas; o vixilante sigue a morder o tempo i o silencio cos seus pasos, a torre sigue ergueita na noite sin luz. A miña razón di, que é parvo perguntar ás cousas; que é negativo volver atrás os ollos; di, o que eu xa sei d'abondo, o que teño en conta sempre. Pro, ¿qué queredes, que se lle vai facer?.... Hay intres así.

Sant-Iago, 1934.

# A ROMEIRIA DE GELMIREZ

DA NOVELA DE OTERO PEDRAIO QUE VAI APARECER

**C**AL será o engadego doncel de ista terra? Ela non semella ricaz, non a poboan ilustres vilas, nin disfrroita do canto coral de soados mosteiros, alenta lonxe dos camiños das pelerinaxes... Supoño que non remanecerá do demo iste gostoso vivir. Ben pensado a gracia e serenidade dos hourizontes lembra a dos espíritos que sendo rexos na Fé non esdeñan o bon viño, a conversa e o xantar acarón do lume. Dinantes da esgrevieza dos montes aquece este acougo...» Falaba Oduario.

Deberá ter chovido arreo por o norte pois os ríos viñan escuros e medrados. ¡Terra de Borbón! Xohán da Isorna alagaba no ditoso azul de ela. Tinxialle a alma e o sentimento. Grises de nubens voltos azul ao resbar o lombo dos montes, azues, as somas, as lonxanias dos labramios, azul esmaltado por as fogueiras dos álbres amerados, o tremer das augas fuxitivas. Terra de Borbón.

Engadiuse un home aos galegos, tamén camiñante pra Italia, mais sen figuranza de «clérca» apesares do composto i-erudito da sua conversa. Tiña barba moura en ponta, as mans brancas e afiadas, montaba unha égoa de mao caris, e levaba unha espada vella. Fuxindo das perguntas desviaba falando da terra que cruzaban con singolar xusteza i-eleganza na frase: — «Ainda a xénte tén fé nas potencias das frolestas e das fontes. Hainas grandes e belidas, quentes e xiadas, algunas fermosas ao igoal da de Cahors. N'un tempo estaban adicadas as pirmeiras ao demo por os antigos considerado deus, chamado Bormo ou Borvo, de onde remaneceu o nome de ista terra. Xa os antigos dician \*nullus locus sine genio est\*. Eiqui as xentes miran nas fontes algo semellante ao choutar dos cabalos, a sua podente fermosura. Tamén o diabo Neptuno repersentábase de xeito semellante. Teñoo mirado nas roñas de Roma».

— ¿Quen será iste paxaro? perguntaba o Anaia — de fixo un pagao afeto á filosofía dos alarbios. Coidará conquiri gloria ou amor ou mocidade por os contratos co demo nos bosques ou nas idolátricas roñas».

Despoixa de unha xornada fadigosa pouzaron a noite no castelo de La Ferté, grande e fermosa mansión xurdida enteira cas catro torres redondas do cerne do coto contorneado por as rebuldeiras correntes do río. Estaba o señor lonxe, na Cruzada ou ao menos navegando n'algunha nau de Sicilia ou Venezia, pois dende seu embarcamento en Amalfi se non soupera mais de il. Rexia o esteso feudo unha dona andadiña, a nái do señor, Ana de Montreuil, outa, cangada, rexo esquelete vestido de pergameo, mais c'un lume nos ollos e unha estrana sonoridade no acento semellantes aos dos ispirados ou tolos. As mans sempre aruñaban con impacenza raivosa as péles do manto. As guedellas griseiras voábanlle arredor das siles afondidas, abaneadas por o vento dos páledos érmos onde teñen suas xuntanzas as bruxas. Tiña seu mariscal, seu gardaselos, seu senescal, tiña unha corte enteira de dinatarios e acotio eran sacrificadas dúcias de empregas pra mantenza das suas xéntes e os millores anacos eran pra a crudel bandada de azoreiros e xerifaltes que ociosos i-enoxados curtaban con chios de fera e vibrare de aas o silenzio da mansión sombriza. Ela, a señora, vivía probemente na cámara de pedra xiada sempre da torre do norte, sen axuda nin compañía de ninguén. Ali manxaba soia calquera vianda, mais na grande saa de aparato estaban dispostas a toda hora as mesas carregadas de fontes de escolleitos compangos, dos millores viños do orbe latino, accesos os outos candieiros arxenteos, flamexante a fogueira da chemineia. Sabedora do viaxe de un bispo sinalado, mandounos chamar saudando un pouco lonxana i-esdeñosa a Gelmirez, e voltando deseguida á sua celda. Perante o xantar dos cregos e capitás na mesa de honra, o senescal do castelo falaba da señora con voz respeitosa deixando traslocire

un certo medo:—«Foi belida dona, pertendida por duques de Flandes e de Aquitania. Encol do seu berce voaran sete águias. Casou c'un barón o fundador do castelo, doente da ambisón de lle disputare aos Capetos a croa da Francia.

Mais finou novo e nin xiquer ca morte dos cabaleiros. Foi esnaquizado por un cervo xigante preto da chamada fonte das pombas. Din que o cervo portando o morto nas ponlas dos cornos deixouno lonxe da fonte, din que pronunciaba palabras en lingua estrana e dende logo é raro caso por seren os cervos do seu natural bestas pacíficas e dadas. Ficoulle á señora un fillo, o señor, arresta na Santa Cruzada. Era a ilusión e a groria da nái. Desposouno aixiña c'unha doncela de ilustre nacencia e cativa heranza, do sangue dos antigos margraves do Frioul na marca do Imperio carolinxio. Teñio pra min que fóno mouros corvos agoirentos e non outas águias os que voaron sinalando un destino riba do berce da señora. Ela, amedraba o dominio, xunguialle casaes de labregos, adquiría e conquería novos feudos, armaba de bastidas as pontes, fortalecia os esquinaes do castelo, era avara, amoreaba pra o fillo serras de ouro, mantiña relación cas castes podentes pra un dia con formidábeles elementos de lluita, derrubare o poder dos Capetos. O neno nacera millor pra monxe que pra guerreiro. Resaba as horas, gastaba os días cas fermosas miniaturas dos libros carolinxios, apenas faguía mentes das artes de cabaleiro que a sua estirpe demandaba. Somentes exercitábase na caza, non pra luxárese co sangue das bestas, sinón co anceio de atopar no seo do bosque co cervo que o privara de pái. Por ben pouquiño tempo deus fillíos, neno e nena, duas doas, foron ledo sol na friaxe de istas pedras. O neno amaneceu a mañán afogado no berce c'unha negra serpe afudada ao colo, das criadas no foxo lamiguento do castelo. Poucos días despois a nena morria no colo da nái, xiada de espavento, os ollíos chantados na fiesta como si por ela tivera xurdido a visión do demo ou o basilisco infernal. Envelleceu a aboa como si lle botaran ás costas un fardel de anos. Mandou aforcare as criadas que coidaban aos nenos. Perante un ano enteiro se non acendeu lume no castelo. A nái perdeu a fala e fóise recoller no mosteiro de Sta. Ottilia nas montañas da Barbaria. O mesmo dia o señor tomou a crus. Non voltará ou alagaráse n'un crausto tamén...\*

A soma pendurabá no treito, viña axexando dende os mouros corredores, petaba silandeira as estreitas fiestras e cas somas chegaban os medos. Tamén se ceába nas cocñas. Con soldados e criados do castelo xantaba Xohán da Isorna. Nos espaciados íntres de silencio ouvíase algúm anaco despeiteado do eterno monólogo da señora na súa cámara de pedra.

Ceába nas cocñas soio, escuro e calado n'un recanto, o estranxeiro descoñecido. Non semellaba estrano ás tragedias nin ao témero ambiente do castelo. Chegoulle un recaudo da torre e aló foi percurando non sere mirado. Rubiu a pina escadeira de degraus estreitos e usados. No desamparo da cámara da señora había apenas un leito báixo c'uns rolos de vello pergameos. Queimábase na fiesta o lume de unha ardente estrela roxa.

A vella cravuñaba no estranxeiro os ollos furadores:—«Sei quen es, Xohán de Siena.

Sei non sere ista a pirmeira ves que pisas as lousas de ista casa. Sei a sona da tua cencia. Dime ¿éla ven de Deus ou do Demo?»

«Miña probe céncia vai por seu camiño e non cóida ser nemiga de Deus .. Toda ella está ao voso servicio» respondía o italiano.

—«Ti coñeces a disgraza da miña castel! Cecais viña da tola ambisión de ista veila! Cecais non tiven valor de abondo pra lluitar... Son vella caducante; algúns téñenme por bruxa e por ben merecidas as miñas mágoas... No acougo de istas longas noites cavilo na céncia. ¡Si ela poidera donarme un pouco da mocidade! Teñio loitado demasiado confiada, hoxe ca eisprencia, si voltar a ser moxa, non sería por ninguen do mundo doméada. As noites ¡Ouh, como sofro nas noites! Ténolle ódio. Houbera desexado afogalas, retorcerelles o pescozo dondo da ialba como foi afogado meu neto El Rei da Francia...»

Non choraba. Xurdia a vos rouca da caverna das gorxas, as mans espaventaban fantasmas: — «Dende nena tiven fé no feitizo das pédras. Quixer sacar de elas forza, beleza, dita, gracia... Si élas agora me serviran e me diran o soio consoo pra min: xuventude, un ano soio de mocidade pra me vingare...»

Recadando unha chave tirou de unha alacea a caixa do tesouro. Ao franqueala a tristura da cámara brilaba con lumes de costelaciós, fogos rubros de sol, quentes ceus de vrán, noites aluaradas, sangu mineral, sinxelas pingas de orballo. As mans da vella mouros tizóns remexendo no fogo xiado das pédras fermosas.

Collia un zafiro: — «Isto sanda de moitos males, das chagas, das doenças dos ollos» e respondía o italián: — «Certo, ca condición de gardare castidade quen a léve, «*Sed quis gestat eum castissimus esse iubetur*» di Marbodio».

Escolmaba a vella ágatas confortativas donadoras de boa coor, gracia i-elocenza, alectorios, nados no curazón do galo capado de tres anos, que fai a muller amada por seu home, esmeraldas, afastadoras das tempestades, coutadoras da lascivia, ollos diafentos dos onix evocadores dos lémures e fantasmas dos mortos, xacintos alonxadores de tristuras e sospeitas, chelidonias criadas ca lúa chea no curazón das andorriñas, augas glaucas dos berilos bos pra a doença de moito saloucare, xades, probadores da donceleza, e o ouro líquido do topacio ou chrisolito que enfiado n'un cabelo de asno e pendurado do brazo esquerdo tén poder pra espaventear ao demo...»

A vella salaiaba: — «Dáme noxo a cénica dos monxes, a homildade, a triste mansedume... Xohan da Siena, si nas roínas da Roma pagán atopas a fórmula do poder, seré teu iste tesouro e mais o castelo e as terras, os feudos, as greas de servos, tudo...»

Ao cabalgaren os galegos céibes do pesadelo do castelo as tráxicas torres negrexaban aos lonxes talladas na mañán lomiosa en teebras de noite.

Entreteendo o camiño Oduario falaba das cousas do reino da Francia: — «Felipe Capeto vai deixando o poder ao seu fillo Lois. Chámanlle o Groso, home bandulleiro, outo, branco, gran manxador, amigo das donas, pro tamén, grande lluitador que non ten medo de asaltare espada na mán as torres estrozadas por o incendio e disfruta da belida fala que chaman «beau parler» estimada dos franceses como o foi dos antigos galos. N'un tempo tiña ódio fero á madrasta Bertrada, como fillo da pirmeira dona de seu país a doce Bertha da Holanda, repudiada contra xustiza pois tivo descendencia, iste fillo, por rogos do abade Medardo de Soissons... Agora por o esforzo de Ivo de Chartres, da comunidá de Cluny e co chamamento da mesma concencia é posíbel que se arranxe co Papa. Debe estar a chegar o Legado, cecais señá o cardenal de Albano, Ricardo... Ogallá se faga a reconciliación!»

Falando do outo fito do viaxe Oduario manifestaba confianza chea no apoio de Cluny: — «Somentes témos no camiño o perigo de ser asaltados por xentes do Imperador, nos pasos dos Alpes ou nos chaos de Italia, pro ademais de Cluny hai duas potencias amigas: A princesa Matilde e o duque de Saboia.

Descendo as encostas do Charolais azulexaban aos lonxes os montes do Jura e descobrían pouquiño a pouco os hourizontes da Borgoña, chán de viñas farturentas. N'un intre que o Xohán da Isorna achegaba seu faquitró á égua de Gelmirez o Bispo, riseiro falouille: — «Nos troveiro fai tempo que non metrifica nin canta. ¿Cecais estás engaiolado por isa misteriosa doniña que che ségue, e xurde como fontela no vieiro, e nos avisou do perigo...?»

— «Non o sei, meu señor» dixo o troveiro coorado como unha guinda da Ulla «pénso cecais que seña criatura dos meus ensos». Logo en esgrevio latín de escolar dixo algunas estrofas de un carmen que andaba a faguere. O poema das Horas do Dia simbolizadas nas pedras prezosas. Comezaba ca brillante luzada i-era seu símbolo a esmeralda

# M I T T E L E U R O P A

(Proseguimento de Da Alemaña)

por VICENTE RISCO.

## I PRAGA

Pode dar tamén qu'o sistema de Tycho Brahe non fora mais qu'a altitude espiritual d'un home superior a quen incordian as porfias, que se decatou perfeitamente de que tanto ten unha cousa com'a outra, de que no fondo, ao millor non é mais qu'un asunto que pende no punto de mira onde cada un se poña, e que n-unha arrautada d'humorismo, bota pol-a rua do meio, ben pra pôr paces, ben pra rirse singelamente dos seus colegas.

De calquera geito que seña, a min simpatizame Tycho Brahe, e adicolle esta lembranza diante d'estes aparellos do seu tempo, n-algun dos quales pode qu'andiveran as suas mans.

Tamén hai, naturalmente n iste país de musecos, instrumentos antigos, e outras moitas cousas: porcelás douradas, siluetas, bordados en seda e liño, vestidos e abanos rococó, más louza, algunha moi semellante á de Sargadelos, cristaleria de coores, esmalizada e dourada, mobles incrustados, antr'iles un fermoso pupitre-escribanía, lámpadas de Sinagoga, cerámica popular bermella con deseños marellos, candieiros, traballos barrocos en prata, relós, camafeios, o manto d'armiño d'unha Abadesa, unha carroza arcebispal, un órgao d'eireja, etc., etc.

Vin o teatrillo de monifates de Matieko Kopecky, qu'andivo co-il repersentando obras n-idioma checo. En hommage á sua obra nacional, un medallón perpetúa a sua simpática image, n-unha vitrina. Os bonecos qu'il facía falar ali están tamén, dependurados das suas cordas.

Vin as tremendas armas dos hursitas: lanzas, bisarmas, machados de rabo longo, martelos, mallos reforzados de ferro, mazas pendentes d'unha cadea, imensos mambres, cascos checos e cotas de malla, instrumentos d'unha guerra bárbara e cruel, ond' os mortos debían ficar esmagados, esnaqui-

zados, escuartizados, esmembrados, reducidos a zorza sangrenta. Ollando estas armas, sintense escachar os ósos da cabeza coma cascás d'óvo, e vense esbarar os miolos pol a frente fendida, escapal as tripas como serpes retortas da barriga aberta en canal, e quedar as pernas escarranchadas no cabalo, namentres a outra mitá do corpo cai na terra segada d'un golpe, deitando un lago de sangue.

Tamén vin ferramentas de labrego e d'oficios, moi materias e primitivos, que facian jogo co-as armas, e unha cerámica popular incisa, do século XVI, que semellaba prehistórica.

Vin unha mitra de metal, un anel episcopal que poderia servir de pulseira, cálices, ostensorios e incensarios góticos.

Cheguei canso á seizón de Prehistoria, que é moi rica. Faciame dihzie a interpretación os letreiros en checo: *K. hradistní, Stradonické, Slezské*. Outros comprendianse ben: *Latenská, Doba Zelezna, Doba bronzová*. Mais ja non podía atender mais, pois já levaba ali mais de catro horas, e tiña qu'ir jantar.

No Museu ainda hai moitas mais cousas: coleizós botánicas, mineralógicas, petrográficas, geológicas, paleontológicas, zoológicas, que non tiña tempo de visitar; unha Biblioteca con 400.000 volumes e 7.000 manuscritos, parte d'iles espertos, con lembranzas de Wicleff, Johan Hus, Tycho Brahe, Wallenstein, Comérius, Gustavo Adolfo. Tilly, etc., e o Arquivo de Bohemia.

## STARÉ MIESTO.

Eran as duas cando saín do Museu, e fun pol-a *Vaclavské ná městi*, unha longa praza en costa, domifiada no outo, pol-o moimento a San Wenceslao, rei de Bohemia, qu'está no outo d'acabalo, e qu'é o centro da vida de

Praga. Unha longa fia de taxis d'un lado da aceira central, e moita gente. Entrei jantar n-un café n-un primeiro andar d'unha casa. Servironme unha sorte de caldo branco con pan, carne con salsa e unha tostada fritida, e un d'ises pasteis Europa Central, e servironme isto todo c'un boletín alemán. A cervexa era boa, mais o café, por si es caso, nono quixen probar.

Surtin e fun andando deica a Na Prikopie, rua larga con moita gente. Na esquina, a Torre da Pólvora (*Prasud Brana*), unha das portas da antiga muralla da cibade vella (*Staré město*), fermosa obra de gólico final con escudos traballados e ergueitos chapiés. Por fin, áchome diante dos manífechos restos do gran tempo da Europa. Con que pensamentos e con que sentimientos pasei a porta da torre da Pólvora, nono saberei dicir; qu'o meu pensar e o meu sentir furgaba moito mais alén e moito mais fondo do romanticismo eis o que é o certo. Crer'está que hai un romanticismo doado, elemental, pra turistas, qu'algunhas veces chega a vir ja prescrito nas guías —e outro romanticismo difizile, que é unha modalidade da concencia trascendente. Eu quería estabrecer antre min e as pedras, as vellas pedras que deitan espirito, a precisa conexión fluidica, que non se consigue sabendo a sua historia nem clasificando o seu estilo.

Seguin pol-a Celetuá ulice, unha rua estreita, con moito comercio, semellante n-algo à Calderería compostelá. É longa. Hai n-ela tendas com'as da Calderería, edifizos barrocos e moita gente.

Cheguei á Staroměstské namiesti, fermosa praza con soportales ond'está o antigo Pazo do Concello, a antiga Teinschule, o pazo Kinsky, o moimento a Johan Hus, a eireja de San Nicolás, da Eireja Nacional checa, e unha chea de casas intresantes. Non-as mirei d'aquela. Com'eu non era turista, tiña determinado ja d'anteman cal había ser o geito de visital-as cidades. Non tiña obriga mais que de vel-los museos ou centros qu'intresaran pra o meu inquérito; non estaba obrigado ás visitas que s'imponfien aos turistas, a vel-as cousas dinas de verse, as *Sehenswürdigkeiten* das guías. O tempo que me sobrara dos meus estudos,

podia facer d'il o que me dera a gana. D'aquela a maneira de facer, había sel-a seguinte: En cada sitio, mercal-a guía Grieben, metela no peto e botar a andar ruas adiante, a ver ond'iba dar, vendo as cousas qu'atodara no camiño. Que me perdia? Botaba man da guía, estarricaba o plano, e precurraba n-il o camiño de volta.

D'iste geito, pode que me quedaran cousas sen ver, mais con seguranza via millor a vida da cibade, ouservando os tipos que pasan pol-a rúa, os parroquianos de tendas, cafés e restaurantes, as cristaleiras dos retratistas, as das tendas e libreriás, os postos de jornais e boletís, o qu'un abesulla tras d'unha porta, d'un mostrador, d'unha fenestra entornada... Isto todo istruye moito; lem-



Praga - Tynská ulička.

bro qu'unha vez en Lisboa, dend'a fenestra do hotel, vin funcionar de frente un Istituto de Beleza en todal-as suas seccions.

Pol-o tanto, collin pol-a Tynská ulička, unha canella que vai por ond'a eireja do mesmo nome. É unha canella estreita, por ond'un vai ao Meio Evo. Camiñando por ela, vai un recuerdo no tempo, un século trás d'outro. É o camiño do pasado.

Vai un arredor da soberbia eireja ojival chamada en checo *Tynský chrám* e n-alemán *Teynkirche*, ergueita por mercaderes alemás a fis do século XIV, e onde s'atopa a sepul-

tura de Tycho Brahe... Eu podería escribir eiqui a descripción cumprida e mais a historia inteira d'esta eireja, com'as dos demais edifizos de Praga. Pra elo non levaria mais trabalho qu'o de traducir unha guia calquera, as quales non lle quero tirar a venda, e polo tanto, morra o conto.

Fun dar a unha praza pequenina, chea d'alma e de silenzio, d'anos e de beleza, unha praciña ond'un quixerá demorar moi tempo, cos longos ventanás da Teynkirche por unha banda, unha tenda de ferro vello, unha casa ojival e outra barroca con estauta na esquiña. A y alma encorada nas pedras, unha verdadeira poesía do espazo, o misterio das fondas portas silandeiras de portas arqueadas, todas eran chamadas e vencellos que houbo ao fin qu'egazar, cand'unha atirage mais forte me fixo meter por un pasadeiro adiante, escuro e estrano, cheo de antigüidade e d'unha beleza ultra-romántica, que me levou embobado por antrás solpresas de non sei cantos canellós e *cul de sac* à Jakubská ulice, a rúa do Apóstolo Sant'Iago, ond'está a eireja do noso Santo, hoxe de frades franciscos.

A rúa dá unha portada lateral barroca, enriba da qual aparez Sant'Iago pelegríño, con bordón e cunchas, o noso. Na eireja de Sant'Iago había qu'entrar por forza, posto qu'eu son galego e veño pelengriñando. É unha boa eireja barroca, c'un altar en cada columna e outro en cada intercolumnio, dourados e pomposos. A capela mór, longa e manifeca, ten un imenso altar barroco c'un gran cadre pintado invisibele, con rico marco sostido por anjos barrocos encoiro. Da tea non vin qu'a estensión escura; asegún a guía Griebene e obra do pintor bohemio Wenzel Reiner, no século XVIII e representa o martirio de Sant'Iago.

Do lado da Epístola, había un altar de Santa Teresina do Neno Jesús, no pano do qual dicia: *Svatá Terezicko od Ježulatka, oroduj za nas!* (Santa Teresina do Neno Jesús, rogai por nós!) N un reclinatorio, había unha fotografía da Santa e debaixo unha ladaña en checo.

Do lado do Evangelio, a gran sepultura do Conde Wratislau de Mitrowitz, d'un barroco gigante. Seica nunca vin cousa tan fa-

chendosa, tan finchada e tan disconforme. Unha composición de gusto imperial e clasicote, con gran ostentación de mármores: o Conde d'armadura compreta, manto e capa leira riza, unha figura matronal apuntando pra o ceo, o vello chronos, a Historia chorando e un anjo escribindo... E logo fan dos portugueses!

Ao sair d'ali já non sei por onde me metín. Vin outra eireja pechada sen nada de particular, unha casinha vella, unha sinagoga estilo arábigo na que quixen entrar e metinme n-un pátio e entrei n-un sitio onde había letreiros n-hebreu, mais por fin din volta. Logo outra eireja con cruz arcebispal e un edifizo grande, todo pechado. Aquela parte tiña un aspeuto un pouco compostelán. As rúas estaban soilas, sen gente, as casas pechadas, non sei se vin pasar un auto ou dous. O piso d'adoquín estaba moi gastado e meio desfeito, mail-as casas tiñan bó aire, eran boas e limpas, e diría un que n-elas debía vivir boa gente. Mais semellaba un barrio morto, soilo, quedo, silandeiro, agrisado e frio. Por onde sain d'ali? Me non lembro; cecais pol-a Dusni ulice.

O caso é que fun dar á beira do río Ultava qu'os alemás chaman Moldan. Praga ten oito pontes, pra pasal-o río, que comunican o corpo principal da cibdade, qu'está na beira dereita cos barrios da outra banda: Holesovice-Bubny, Dejvice Bubenec, Hradchany, Malá strana e Smichov. Torcin á esquerda e cheguei a unha das pontes: Most Sv. Cecha. Fun pol-a ponte e estiven contemplando o río. Ali non é moi largo. Andaban barcas e unha motora de zoco, com'as dornas do Miño n-Ourense.

Cheguei a un parque posto na ladeira d'un monte, Sady Leteuské, ou Belvedere-Anlagen, con pecho arboredo. Mais estábase pondo o sol e din volta.

#### OS JUDEUS NO SEU TOBO

Voltei pol-a Parizská, boa rúa, larga, fermosa e con gente. Vin os triángulos entrambilicados, d'unha sinagoga, mirei no plano, fun e volvin, e por fin atopei. Báixanse unhas escaleiras, e n-unha rúa moi estreita, debaixo da Parizská, había moita gente

agardando, homes e mulleres. Teatro? Cinema? Baixei: homes con barbas, vellos, rapaces, señoritas, señoritas, homes ben fardados, homes farrapentos. A sinagoga.

E non unha sinagoga calquera: a Alte-Neu Synagogue de Praga.

Entrei. Un vestíbulo c'unha araña e unha tristeira luz elétrica. Rempuxei a porta e entrei sen tiral-o chapeu. Era a primeira vez qu'entraba n'unha sinagoga.

Un recinto ojival antigo, de duas naves, con columnas de pedra, bancos arredor, en duas fías, con pupitres. Homes sentados ou de pé, falando. A sala é outa e escura, caileada, con moitas arañas de prata sen velas, e algunas luces eléctricas. Todo moi estreito.



to, que non se revolve un. Un valado de ferro cingue un lugar mais outo, onde hai atriles con libros e caixas cilíndricas coma sombreireiras. Tres señores con barbas, bimba e gabán están ali refollando nos libros. Hai cadros con letreiros n-hebreu, e nas paredes, pracas de prata con velas diante a maneira de cornucopias.

O mais intresante son os tipos. Afora había señores de meio tempo con boa pinta, donas elegantes, rapazas lindas, non de todo de coor de ceruda, unha realmente fermosa, morena, ledia, sorrinte, expresiva, con meixelas acesas de quente coor, espigadina e lançal, ben vestida. Adentro había señores d'ises com'outro calquera, vulgares de cor-

po e d'indumento, que non din nada nem case se ven; había algún señor apersoado; había un sentado ond'a porta un de chapeu craro e bigote recortado, pequeno, fachoso, d'aspeito sórdido; había rapaces novos, un de gorra bilbaina, das apegadas á cabeza, sentado, quedo, langoroso e canso, moi feble e moi longo, de face soave e estreita, c'uns imensos anteollos de cuncha, e outros dous de pé, un d'unha elegancia fina e requintada, c'un sinxelo vestido azul, outro de gorra calzón curto, d'unha gran beleza morena, d'esas que se meten nas mulleres, e istes dous, cecais pol a sua superioridade estética, semellaban ledos e seguros de si mesmos. Mais os outros...

Os dinos d'estudo eran os outros, os vellos de bimba e gabán ou levita negros, de longas barbas escuras, de enormes narigós finos de cotorra ou gordos e bermellos caídos pra baixo, uns sentados, outros de pé, falando en pequenos grupos, os mais n-alemán ou en calquera cousa semellante, cecais en *yidischa*, baixo e en segredo, acenando muito. Iste, iste si que son; os outros tamén, os outros tampouco se despintan, mais os clásicos son istes, os judeus de novela.

Tipos encollidos, sen pescoco, cetrinos, sudorosos, marraus, con grasa na cinta da bimba, con caspa no cuello de terciopelo do gabán, con uñas reberetadas de negro, con dentes coor de tabaco. Tremen ao falar as barbas, negrecentas, con fias de prata ou marelás, as barbas intonsas que se deixaron medrar o que pudieron, longas e agrisadas nas patillas. Encollen as hombreiras ao abren os brazos pr'acabar afundindo a testa botada pra trás, e rin cos bicos negros d'orella a orella, enhéndose d'enrugadas travessas debaixo dos ollos, c'unha ledicia chea de pillada, que chisca os deus ollos a un tempo. Torcen a cabeza pra un lado, e ás veces o corpo todo, encollen as pernas pra'acreflárense. Eu na miña vida vira movementos, nen modos, nen espresións semellantes. Teñen algo de ratas e algo de macacos; é algo úneco, homes com'os demais non son, ou disimulado. Nada deixa eiqui ver a sua forza formidábele, o poder imenso da Raza qu'eiqui vai celebrar seu Sabbath. Porqu'eso si, isto d'aquelarre, algo ten...

Eu non sabía que facer, se marchar ou quedarme, porque vin que logo iban encomenzar o servizo. Temin que me dixeran algo, e saí. Fixen ben, porque na entrada hai un rótulo que di en hebreu, checo, alemán, francés e inglés: «Os señores estrangeiros que desexen visitar a sinagoga, son avisados que non poderán entrar namentres dura o servizo divino».

#### MAIS ASTRONOMÍA

Volví pol-a Parizská deica e eireja de San Nicolás, a eireja dos husitas, qu'estaba pechada. É un gran edifizo barroco, que din que ten dentro soberbios frescos e outras pinturas. Os husitas forman hoxe a Eireja Nacional Checoslovaca, que ten poucos fieles, pois case todos os checos e os alemáns de Bohemia son católicos, e ata beatos.

Despois fun ver o gran reló astronómico do Pazo Municipal antigo. É unha maravillosa obra de mecánica que n-unha combinación de circos, agullas, radios e sifóns, amosta a hora do dia cos minutos e segundos, a hora da saída e da posta do sol, o mes do ano, o dia do mes, a posición do sol no Zodíaco, a posición da lúa no Zodíaco e as suas fases, as horas planetarias pra o horizonte de Praga, e as festas do Calendario cristiano. Ainda ten mais cousas: os doce Apóstoles que surten por duas portiñas ao dal-a hora 24, a Norte que volve o reló d'area e toca a campaíña, un galo qu'ergue as ás e cacarexa, e outras figuras de movemento.

Tan fermoso moimento ao tempo que pasa, que cola e que se vai, en qu'a astronomía ten un senso cronológico, é d'unha fondura de concepción que fai baixal-a cabeza e matunar moi longo. Iste gran reló comunal non é mais que a gran reproducción humana do gran reló celeste, do gran coro dos astros que, s'imos ver, ao millor non teñen mais finalidade qu'a de midir o tempo que foge.

#### BAIXO DAS ARCADAS

Por frente ao reló, hai uns soportáis longos e estreitos. Dinme ise gusto: andiven de paseo por iles, pra arriba e pra baixo, coma faría n-Ourense. Había unha chea d'estreitos

pasadeiros e corredores, canellós, portais fondos, envoutados. Había ben tempo que non andaba paseando d'iste gelito. Metinme logó por unha rúa estreita, con moi boas tendas, novos aspeutos cheos d'intrés, tendas no fondo dos pasadeiros, etc.

Volví de novo pol-a Celetua e Na Pirkiá, esta derradeira, coma já anoitecera, chea de lus e de gente elegante, comercio luxoso, un escaparate ond'había teas azules sementadas de follas de prata e un maniquí todo feito d'espellos. Moitos autos e moito barullo. Tamén estaba chea a Václavská. Estiven n-un amplo pasadeiro cheo de cristaleiras de tendas, cafés e gente qu'agardaba pra entrar n-un cinema. A vida moderna toda das horas en qu'o traballo rematou, e compre bulir apresa pra troulear canto mais se poda.

Pol-a Skretová, a Mgličká e a Polská, cheguei ao hotel. Fun ao restaurant do dia antes cear uns óvos con touciño fritido c'un bó vaso de cervexa, e despois funme pr'a cama.

#### VISITAS

O segundo día erguinme e fun procurar ao Profesor Jungbauer. Vocelová, 10. O Professor Bolte, de Berlin dérame duas tarxetas: unha pra o Prof. Jungbauer e outra pra o Prof. Poliuka, da Universidade Nacional checa, seu colaborador nos formidábeles comentarios aos Contos de Grimm. Primeiro fun ond'o Prof. Jungbauer.

Vaise pol-a Safarikova e séguese de cote cara o Norte pol-a Belehradská ulice, a travésase Tylovo namiesti, co seu mercado cheo de gente, e a segunda rúa a man esquerda é a Vocelova. Rubin unha escalaíra que, gracias ao costume de poren nas portas os nomes dos vividores, anque non señan médecos, nen abogados, nen agentes de seguros, nen comisionistas, levoume á morada do Prof. Jungbauer.

Abreume il mesmo a porta. Home moi outo, moreno e canoso, tipo de persoa, coma din, moi natural e cortés, c'unha bondade que se manifesta dend'o primeiro istante. Na casa éntrase por unha galería, e ali mesmo ond'a porta, dediante d'un biombo, fixome sentar n-unha cadeira de junco a carón

d'unha mesa con tapete. Falamos, houbo troque de libros, espricadeiras, etc. Estaba il soilo na casa porqu'a dona iba fora. Púxose aixiña ao meu dispôr, surtimos juntos, e fumos procurar ao Prof. Poliuca, na Londinska.

O Prof. Poliuca non estaba en Praga. E foi o modo de non poder já entrar en relación con ningún checo.

O profesor Jungbauer levoume cambiar a un banco a cuio direitor me presentou, no seu despacho, levoume ao correo, e levoume por fin jantar ao Hotel de Roma. Coma n-Ourense, en Praga hai tamén Hotel de Roma, anque non veña na guía Grieben. Ennamentras coil estiven, contra a costume ouservada en Berlin, non me deixou pagar nada.

Despois, comida feita, compañía desfeita, il foise pr'a casa, e eu funme de novo a ruár, anque quedoume én vir procurar ao Hotel ás sete en punto.

#### MERCADO

Volvín á cibdade vella onde nunca cansa un de ver cousas, e non digo moimentos, senón ises pequenos recunchos raros, tan preciosos com'os moimentos, nos quás horas do día e as suas luces cambeantes collen unha expresión máxima; cousas nas que non se tivo intención de criar beleza, e a beleza fixose de seu, resultou, coma se dixéramos por obra de certa gracia infusa, d'unha sorte de arte inmanente.

Andiven pol-o mercado da Havelská, unha praza chea de caraute e d'esa beleza pouco aparente.

Habia unha chea de postos e tendas, con caixas d'esas de cù apretado, com'as caixas dos difuntos, asegún já eu vira en Berlin, e grandes cestos de vimbio do mesmo feito, e tamén outros estreitos e outos. Moita gente por antr'os postos, como n-unha feira das nosas. As tendas das casas tamén eran semellantes: había roupas feitas, panos da cabeza e dos mocos, e mantas penduradas nas portas, novelos de cordas e torres de caldeiros de zinc.

Pasaban carros, zorras com'as nossas e com'as de Berlin, e carros com'os alemás,


de cù apretado, con ladraillos, en feito de caixas de difunto, e ás veces, os estadullos dos lados levan uns esteos que van apoiar no cubo da roda. Van turando d'iles cabalos percherós, enormes con patas peludas. Levan unhas coleiras com'as alemás, somentes que mais ergueitas e outas, apuntadas pra riba, adubadas con adornos dourados, e ás veces c'un pondón ou unha borla bermeilla de estame na punta. O mayoral deixa a tralla metida n-unha das coleiras.

#### MODERNISMO

Metinme pol-a Melantrichova, torcín á dereita pol-a Kozná e despois á esquerda pol-a Zelezná, ruas estreitas, con faroles, porqu'o alumbrado é de gas, con pasarellas e páteos interiores ben curiosos, e atopeime de novo na Staromestské namiesti.

Entón fun ver o moimento a Johan Hus.

Non me gustou nada. É unha esplanada baixa de pedra, e enriba as estautas de bronce do reformador e os seus compaixeiros, no estilo modernista, ruín estilo, de fis do século pasado. O moimento é de 1915, más novo parez. É cousa probe e de pouco gus-



Carruaxe.

to, sen chiste ningún; nen xiquera as figuras son respeitosas.

É qu'o modernismo aquil foi unha cousa especial. Apesar de andar Ruskin no conto, nas artes plásticas foi un tempo tan miserento coma foi grande na literatura. Coñécese quás forzas de creación plástica iban esgotadas. E mais o deberan estar hoxe, e así e todo, agora fanse algunas cousas con gracia. Tamén d'aquela, na pintura ainda quedaban algúns impresionistas. Foi a escultura a que mais morreu —da arquitectura já nen falar— coma que foi aquil o tempo de Rodin, o pior escultor de todolos tempos.

## KLEMENTINUM.

Din a volta pol-a Uradnice e a Mariánské namiesti, e atopeime no formidábel Klementinum, qu'está por frente ao novo Pazo do Concello, n-unha fermosa praza, onde viñan por unha rua do lado ises raios do sol cando se deita, que teñen en min un efecto mágico.

O Klementinum foi ergueito pol-os jesuitas, qu'ali tiveron colegio, e é il soilo unha vila. É algo imenso de grande. Hai tres grandes eirejas metidas n'il. San Salvador, San Clemente e a Asunción. A primeira é a dos católicos alemás, e n-ela padricase, ré-

zase e dinse as novenas n-alemán; a porta estaba chea d'anuncios todos n-alemán, sen unha verba en checo. As tres son barrocas. Hai ademais unha chea de páteos grandes coma prazas, de coor marela, arcadas toscanas e piso de coyo e laxes mal postas. Pérdece un pasando d'un n-outro.

O Klementinum di da forza que tiveron os jesuitas. Ben se sabe o rol que jogaron nos países eslavos católicos, que gracias a iles non caíron no protestantismo. Non hai qu'esquecer que Pedro Canisio foi dos fundadores do Klementinum.

(Continuarase).

## Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza CASOS E ANÉCDOTAS

## ZORRO POR LEBRE

Ao sacristán de Melias viñalle pol-o viño un que lle chamán «o Lalín». Un día, en canto median o viño, o Lalín mandou pór a mesa, e dixo qu'il traguía unha lebre arreglada. Pero ao acabar de cear, o viñateiro púxose a berrar:

—Dous dous! Dous dous!

Que é como berran os zorros (1) e coisto

comprendeu o sacristán que lle metera zorro por lebre.

(Recollido en San Miguel de Melias —Coles— por María Sánchez Fernández, aluna da Normal d'Ourense, 1932.)

## ABUELA DOS BURROS

Indo unha muller pra feira de Monterroso con dous burros cheos d'anos e mortos de fame, pasaron por ali dous estudantes e dixerónlle:

—Bós días, abuela dos burros.

E respondeulle ela:

—Moi felices, meus netos.

(Monterroso, Amadeu Varela, 1931).

## O BENEFIZO DA PROBEZA

Un individuo tivo unha question co cura, e o cura, acabou co-il; e viñeronlle embarcar todo, e nada máis lle quedou a casinha e tivo que ir pedir. Mais logo juntou pra mercar un traxe, botoulo, e a limosna viñaa comer á casa.

E dispois, o cura andaba paseando todos

(1) É cossa dina d'estudo a imitación das voces dos animais. Téñense feito algúns estudos d'esta casta, que teñen un doble intrínseco: un intrínseco lingüístico (relacionado co problema das onomatopeyas e mais co da representación gráfica dos fonemas) e un intrínseco etnográfico, pol-o que moe dí do conceito que se tem dos animais, especialmente observacións encol dos seus costumes e psicología que teñen ou que se ll'apén. Tocantes a estas imitaciones do falar dos animais en galiciano-portugués, ten recollido muitas coisas o eminentí Dr. J. Leite de Vasconcelos, algunas das quais han figurar na *etnografía portuguesa*, que está a se publicar.

Antre nós, é bastante corrente imitar a fala do zorro diciendo: *Dous dous!* Témola observado no Castro de Caldelas, val de Lemos e outras partes. Ben sabido é que o zorro é unha das personaxes importantes do folclore europeo, e pol-o tanto do noso.

Imitación da voz dos animais hai tamén no caso titulado «os dous galos», que ven mais adiante. No caso dos galos, a interpretación literaria e humorística do seu canto pol-o pobo é variadísima.

días nun campo público, e o probe tamén viña co seu traxe, e o cura paseaba pr'on lado e o probe pr'outro, e o probe decialle ao cura:

Acabácheme co capital, pero fixécheme millor, tu non traballas pero eu tamén non che traballo.

(Macendo --Antonio Reza Paz-- 1931)

## CABALOS DE FOLES

Un chefe calrista cuio nome hoxe non se coñece, arreando uns cabalos que roubaran na casa de Foles, dicía:

—Arriba, cabalos de Foles.

Qu'atrás dos dos ricos veñen os dos probes!

(S. Salvador de Vilasante —José García Gallo— 1931.)

## COMO HAI QUE TRATAR AO PEISANO :-.

Un deudo da casa de Pacio —que gozou de gran sona pois era das de «Soga y Cuchillo»— adoitaba recitar iste refrán:

Ao peisano non lle fagas mal, que nono merece, nem ben, que nono agradece.

(Id. id.)

## O VENANCIO DAS PITAS (1)

Estaba en Celanova un preso —coñecido ladrón de longa historia— que chamaban o das Pitas. E dixolle un día ao carcelero:

—Déixeme sair da cárcere ás doce da noite, que volvo aixiña.

O carcelero dixolle que non podía faguer eso, que podían despachalo do empleo, e contestoulle o das Pitas:

—Déixeme sair que ás catro da mañá estou de volta con seis mil pesetas e a vostede doulle duas mil.

(1) Son sen contos os casos que se refieren d'este «onado Venancio das Pitas», mais ben rapuñeteiro que bandido (dix que nunca fixo violencia a ningúen pra sacarlle os cartos). O seu alcume veníale de ter emprincipiado a sua carreira por roubar pitas. Lóubase molto a sua agudeza e fino ingenio. É personaxe relativamente recente, e hai notiza de que rematou a sua vida honradamente, viviendo dun negocio. Outros dix que se fixo crego en Portugal.

Dixolle o carcelero:

—E logo, a quen vas roubar?

—Ao cura de Mourillós.

Por fin, o carcelero deixou sair ao das Pitas e roubou ao cura de Mourillós, pero ás catro da mañá já estaba de volta cos cartos.

Pra o outro día, o cura foi dar parte do ladrón, pero dixéronlle que non podía ser, porque o das Pitas estaba preso; mais o cura insistiu en que fora il. Pra convencer ao cura levárono á mesma celda onde estaba o das Pitas.

O ladrón, ao enteirarse, deu parte do cura e prenderon ao cura, e soltaron ao das Pitas. Así quedou o cura roubado e preso.

(San Miguel de Berredo —Carmen Somoza Pato— 1932.)

## MATAMOLO TODOS

No tempo dos fauciosos, ocurriu un caso nun lugar que lle chaman a Bouza. Viña un faucioso pedir carne e pan; entonces os veciños matárono, porque tamén os fauciosos eran moi malos e tamén mataban a quen encontraban. Pero despoixas que os compañeiros souperon que o mataran os da Bouza, mandáronlle un recado pra que viñese junto d'iles o que o matara.

Entonces os da Bouza, sen matinar o que lles iban facer, marcharon todos alá, dicindo un dos veciños:

—Mateino eu.

E outro tamén dixo:

—Non, mateino eu.

E outro tamén, e todos así, foron dicindo qu'o mataran iles, porque os fauciosos dixéronlle que era un escapado, e que lles iban dar unha gran recompensa, e entón todos querian decir que o mataran.

Mais os fauciosos dixerón que lles iban dar a recompensa a todos, e metéronos no meio d'iles, ténndoos arrodeados por todas partes, emprincipiaron a tiros e matáronos a todos, que eran uns vintecinco. (1)

(Macendo —A. Reza Paz— 1931)

(1) Contase como feito histórico. Ten semellanza, como se vé, co tan scado conto de Meco, anque s'arreda d'il bastante.

## O CORPO DO DELITO

Ao abade de Santamaria a Graña, aló polos anos da primeira guerra carlista, se cuestrounha unha partida de faucesos, que o levaron ao monte, namentres os chefes s'instalaban na casa reitoral coas suas queridas, pasando ali a gran pândiga.

Cando o abade volvے, despois de ter pagado un forte resgate, fixo un «auto de fé», queimando publicamente as camas todas que había na casa

(Penosíños - Ramirós — Purificación González Feijoo — 1932.)

## OU SUBÍU A PEDRA, OU BAIXOU A ESTRELA

Na casa de Navín (Quiroga-Lugo) viveu a principios do século pasado o «Astrólogo de Navín», home de costumes estranas, a quem a gente apuña gran cencia e sabencia. Contase que nunha ocasión uns peisanos quixeron probar onde chegaba a cencia do Astrólogo e a tal fin puxeron un papel debaixo da pedra onde adoitaba sentarse no seu paseo cotián do empardécer. Pouco tardou en chegar o Astrólogo, e os labregos chegáronse a saudalo, acompañándoo deixa a pedra. Inda ben non se sentou, escramou en voz alta:

*—O el cielo bajó, o la tierra subió.*

Deixando pasmados aos peisanos (1).

Tamén contan que á sua morte, os señores de Lamela, cos que tiña estreita relación, levaron os legajos que tiña escritos, entre os que supoñen que irían as soadas *Táboas de logaritmos*, que dispois publicou o ilustre Vázquez-Queipo, da casa de Lamela.

(Quiroga-Lugo — Dolores Fernández Quintás — 1932.)

(1) Igual caso refieren en Latín do sabio matemático D. José Rodríguez González, «o Matemático de Bermés», encol do qual publicou un documentado traballo Don Ramón Aller no vol. III dos *Archivos do Seminario de Estudos Galegos*. D. José Rodríguez rubía tamén a unha pedra pra observar os astros e tamén co-lí fixeron os peisanos a proba do papel. Il noteuno, e dixo:

—Ou subiu a pedra ou baixou a estrela.

Atal era, asegún a gente a sua agudeza pra o cálculo das distancias.

## OS DOUS GALOS

Na freguesia de Vilarrubín (Peroxa), había duas familias qu'aínda levan os alcumes de *Faco de Alende* e *Cazurro*, que proveñen dos antepasados.

Dín que había dous galos, un no lugar da Alende e outro no de Casdegüstala, onde vivian os cazurros e que cando cantaba o da Alenda, decia:

—Ay cazuúurrol

E cando cantaba o de Casdegüstala, decia:

—Faco da Aleeeendel

(Cinconogueiras (Peroxa) — Elisardo González Paradela — 1931.)

## OS DE CHOUZAN

No lugar chamado Chouzán, arredado d'Atán pol-o río Mifio, onde hai unha familia encarregada de pasar nunha barca con remos a todos os viageiros, chámase iste sitio Barca ou Porto de Chouzán. O dito que dín ali é o seguinte:

Os de Chouzán, no tempo dos figos, si s'encontran nun camiño e lle perguntran de donde son, contestan (facéndose moita cousa):

—De Chouzán, quere descambiar un peso?

Dinlle isto porque hai moitos figos, vén-denos, e por iso teñen moita calderilla. En troques, cando non hai figos, pergúntanlle:

—Dónde és?

E contestan moi homildes:

—De Chouzán, déme un peso pra pan (1).

(S. Esteban d'Atán, Pantón (Lugo)

—Josefa Rodríguez Vázquez — 1932)

(1) Iste caso, referente ás alternancias de riqueza e da miseria nun pobo no decurso do ano, refirese moitos. N'Ourense, por exemplo, refirese unha cousa semellante dos de Seixalbo, aldeia ás portas da capital, com ricas hortas. Iste pol-o vran, cando venden seu froito, dín:

—Son de Seixalbo: quer V. algo?

Polo inverno, que non teñen cousa que vender, din come coltados:

—Sou de Seixalbo, déame un ochavíñol

## O DÍA DE GALICIA, APARECERÁ:

Os Dous de Sempre, por Castelao.

A Romeira de Gelmírez, por Otero Pedrayo.

O Silencio Axionllado, por Carballo Calero.

Os Evanxeos da Risa Absoluta, por Antón Vilar Ponte.

# OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

## O PRIMEIRO CONGRESO NACIONAL PORTUGUÉS D'ANTROPOLOGIA COLONIAL

**C**on ocasión da gran Exposición Colonial Portuguesa, que vai ter lugar na cidade do Porto, terase ali, por iniciativa da Sociedade Portuguesa de Antropología e Anatomia, o Congreso de Antropología Colonial, que ha de ser do 7 ao 11 d'Outubro.

Estará repartido en tres seízons: unha adicada á Antropología física, biología étnica, cruzamentos, grupos sanguíneos, baixo da presidencia do Prof. J. A. Pires de Lima; outra d'Etnografía, folclore, Linguística, psicología, sociología e religiosos, baixo da presidencia de Mons. Dr. Manuel Alves da Cunha; e outra de Prehistoria, arqueología, geografía humana, migracións, demografía, etc., baixo da presidencia do Conde de Penha García.

Fora dos asuntos que libremente escollan os congresistas, o Congreso proponse certo número de temas de especial intrés científico e d'aplicación, aos que quer adicar o maior esforzo.

Ademais, a Exposición Colonial ofrecerá aos congresistas unha rica documentación etnográfica. Todo elo fará que o Congreso de Antropología Colonial sexa un verdadeiro acontecemento científico.

## LETROS DE AFORA

### ELEXIA DO SANTO ROMAN IMPERIO

**V**IENA (está millor como se di en Portugal Viena de Austria) cerdeira en frío ao pé dos neveiros do Alpe. Fáise o monte parque e o Donau liederdiza ao pé das fiestras do salón. Ténse falado moito da sotil política dos Hapsburg, de Metternicht. Pódia ser, mais a persistenza do imperio sobre tantas xéntes e falas de órbitas diverxentes (non sería obra amitífonica da canzón? A slava, a hungara, a tirolesa, a morava, todas as canzóns collen ritmo universal en Viena. O barroquismo grande ordeador de esenzas cosmopolitas. Chega Liszt na carroza de cristal, as rodas brancas do pó da puzta. Chega Beethoven co aer da primadeira hercynian. Viena, mistura de Venezia, Paris, Roma, München, urbaniza en vals os temas populares e trunfa por o sorriso.

Carlomagno sabía faguer ben as cousas. Puxo dous marcos diante o bosque e a estepa. Brandemburgo e Viena. Un espíñol e

unha roseira. O Santo Imperio soupo vestila cos lumes de longo solpor.

Sabía Viena, cecais dende o «Requiem» de Mozart e dende a cabalgada dos húsares de Murat, que morría, e xogou ca morte como co luar a auga dos lameiros, ceibando soms de medo e bulra sans, de neno. Non bizantina nin tampouco estóica, gardou a pulpa de froita e deixouse mordiscar por dentes novos pra sempre lavados co sabor vienes.

Sabian Schneider e Hoffmannsthal o trunfo da morte, mais disimulábano no decorrer de ensofios ou na sátira dando perfil ás vidas burguesas. Esboiar da tona de lazo «debâcle» afogando o vals de Strauss, foi o 1918. Agora Xosé Roth fai na novela «Radetzky Marsch» a elexia do Santo Imperio e chora a torre de encaixe de Sto. Estebo. A figura do Imperador-símbolo, Franz Joseph, preside o amor dos hérois, os Troita, militares e funcionarios ca ética do reximento e da cancileiría. Elas son o eixe de un patriotismo sen pátria. Ven a Gran Guerra. Os oficiais ao chegar o parte dos tiros de Serajevo cantaban a marcha trunfal de o vello mariscal Radetzky o vencedor de Italia no tempo ainda romántico de Novara. Deseguida ao chégars a nova, a marcha trunfal trócase mainamente na fúnebre de Chopin por todos beilada co sorriso coscente do ser o derradeiro.

A novela — longa agarda disimulada de un remate fadal, técnica de tempos e fuxidas comparables ca música — semella encobrir unha idea de tragedia sen a crásica feitura mais coa mesma maneira de acontecer.

### A NOVELA DO TRÓPICO

**P**RECISAISE pr'a novela un tempo de esprenzia histórica. Esprenza urbán sobretudo. Europa tarda moito en ir adquirindo pose-sión novelística dos novos escearios. Como boreal entende ao norte mais se non afai no trópico. E xa fai tempo dende a ilusión de ter descoberto a Edade de ouro con Bernardino de Saint-Pierre ou a do parque romántico amedrado en savana, como a «Indiana» de George Sand.

Farré ou derradeiramente André Malraux fan novela de paixóns occidentaes sobre o fondo caseque indefrente e lonxao da colonia ou do terreo da «concesión». Nin os ingresos de América saben vivir no trópico. En canto se chégas preto do golfo de México deixan o estilo de Boston e tampouco saben sinón ser brutos ou vexetaes. Paixón e tipos figurán xigantescos e non pasan de ser mé-

dra vizosa de monocotiledóneas ou de cai-máns. Posiblementes a novela do trópico terána de faguer os Péles-Roxas e os pretos.

Como Lawrence, William Faulkner fai escola. Figuran ser entramas, escolas de vencidos por erotismo ou bestialidade. Salvao cecais o estilo e a lingua infundamente eispresiva, popular dos tipos de lingua de rua e peirao. Faulkner na fadalidade que il nin discute, do furacán, da lei de Lynch, da histeria erótica move persoaxes e moitedumes de portada de Magazine e fondura de bosque ou negro arrabaldo industrial, endexamais de campia labrega. O sol que nas vellas culturas conténtase con madurecer ácios ou suclos de thé, atolece as xentes no duro mes enxoito de «Dry September» e na navegazón medio pirática de «Un furacán na Jamáica». Sangue preta cas suas rebeldias, estrondosas fracasos de puritanismo, medran na jungle de istas páxinas que cheiran a rhum e can policía. Está visto que pra o trópico ainda estamos no tempo dos viaxes.

#### LEITURA DE PRIMADEIRA

**H**ai moitas falseiras inquietudes. Por exemplo a novela rusa (agás os vellos mestres da perspectiva) o marxismo e os grandes funeraes do espírito escurialense. Hainas verdadeiras, ceibadoras, benvidas, na literatura. Pro agora ao chegar o tempo da sesta non fai mal a leitura da tragedia de André Gide «Perséphone». Todo sabido, todo esquenrido mais un certo crasicismo aquece, fainos estudantes e do mesmo modo que os antigos puñáñse zumesugas na primadeira, convén iste xogo inocente do malino Gide en certo estilo non lonxao ao mais grave xogo da «Ifigénia» de Goethe cos seus limpos coros do cabaleiro Gluck e na «Perséphone», un ritmo no verso, de canzón da Illa de Francia ou da Villette irmán do que chousta como a maflán na rua na frouma pecha do unanimismo de Jules Romain, «Amour, couleur de Paris». Ista de Gide poderíase chamar poesía coor de crase de grego aos quince anos con vacaciós en perspectivas nos labramios de San Xohan.

#### AS CARTAS DE ROUSSEAU

**F**OLLAS de selva alpina, angusteosos pétagos de xardín, papeis lixados de tristeiros vicios, correran polos camíños da Europa, pousaron entrando por a flestra na mesa dos ministros, no bufete dos puritáns, na alcoba das donas elegantes. Agora apreixadas en dúcias de volumes, si se lles quixera procurar un tidoaxeitado sería iste: Reconquerimento da inocenza.

R. O. P.

#### LIBROS

**HOMENAGEM A MARTINS SARMENTO.**  
Miscelanea de estudos en honra do investigador vimaranense, no centenario do seu nacemento (1833-1933), Guimarães (Portugal), 1933.

**A**sociiedade Martins Sarmento, coma lembranza do centenario do insine arqueólogo de Guimarães, verdadeiro descobridor da cultura galego portuguesa da Edade do Ferro, esprorador das citanias de Briteiros e Sabroso, e escuicador das fontes antigas da nosa historia —que tan brillantemente se celebrou n'aquela cibdade portuguesa, editou un fermoso e valioso volume de 472 páginas, onde, en homaxe a aquil home ilustre colaboran 68 persoalidades portuguesas e extranjeiras, con traballos moitos d'iles d'un enorme valor.

Eis a lista de colaboradores e traballos: Dr. Georg Kraft, *Feuersteinbeile westlicher Eorm in Baden*.—Dr. Herbert Künt, *Westgotische Durchbruchschnallen*.—Dr. Bolko Freihen von Richthofen, *Zur Bearbeitung der vorgeschichtlichen und neuren Rundbauten der Pyrenäenhalbinsel*.—Dr. A. Schulten, *Segeda*.—Dr. L. Wickert, *De nonnullis militaris Bracarensibus*.—Dr. Georg Wilke, *Die Bestattung in Bauchlage und verwandte Brüche*.—Dr. Hans Zeiss, *Spätömische stempelversiegelte Keramik aus Portugal und Spanien*.—Dr. L. Siret, *Origen y significación de las corridas de toros*.—Dr. Pedro Bosch Gimpera, *Los celas en Portugal y sus caminos*.—Dr. F. Bouza-Brey, *Máscaras galegas de origen prehistórico*.—Juan Cabré Aguiló y María de la Encarnación Cabré Herreros, *La espada de antenas tipo Alcacer-do-Sal y su evolución en la necrópolis de la Osera, Chamartín de la Sierra, Avila*.—Florentino López Cuevillas, *A área xeográfica da cultura norte dos castros*.—Dr. Manuel Gómez Moreno, *La cerámica primitiva ibérica*.—Dr. Julio Martínez Santa Olalla, *Monumentos funerarios celtas. As «pedras fermosas» e as estelas en forma de casa*.—Prof. José Ramón Mélida, *Idolos lusitanos de hueso*.—P. César Morán, *Salamanca en la pre-historia*.—Dr. José Pérez de Barradas, *Necrópolis visigótica de Daganzo de Arriba (Madrid)*.—Dr. Luis Pericot, *La representación serpentiforme de la citania de Troña (Galicia)*.—Dr. Vicente Risco, *Notas encol do culto do lume na Galiza*.—Dr. B. Taracena Aguirre, *Tribus celtibéricas. «Pelendones»*.—Conde de la Vega del Sella, *Asturienses, capsienses y vascos*.—Comte Bégonen, *Alfâtoirs pour pointes d'os en France et en Portugal*.—Abbé H.

Breuil, *Moule à figurine humaine schématique de l'Oural*.—Chansine P. M. Fauret, *La hache gardienne des tombeaux à l'époque néolithique, en champagne*.—Dr. Albert Grenier, *La Voie Régordane et Mercure*.—Doctor L. Soleaud, *Le rôle des coquillages marins fossiles et actuelles dans la magie berbère*.—Raymond Lantier, *Les dieux orientaux dans la Péninsule Ibérique*.—Dr. Emile Linckenheld, *Observations sur les sièges primitifs des senons cisalpins*.—Dr. G. H. Luquet, *Gravures rupestres de Villadesuso*.—Comdt Octobon, *Les gravures du Pay de Lacan et leurs relations avec les figurations anthropomorphes*.—Dr. Felix Oswald, *Un indice présumable de la présence de la huitième légion en Angleterre*.—Dr. Edgar Prestage, *Portugal: a Pioneer of Christianity*.—Dr. C. A. Raleigh Radford, *The Culture of Southwestern Britain in the Early Iron Age*.—E. Thurlow Leeds, *A Milestone in Western Archaeology*.—Dr. J. Koszarewski, *Four u minarai datant du I s. après J. C. de convert d'Mechlin, arrondt. de Srem, en Grande Pologne*.—Dr. Eduardo d'Almeida, *A mocidade literaria de Sarmento*.—Francisco Manuel Alves, *Bragança e o Dr. Francisco Martins Sarmento*.—Doutor F. Alves Pereira, *Os vestígios das habitações citanienses*.—Dr. Alfredo Athayde, *Ossadas pre-históricas da gruta dos Refugiados*.—Dr. Antonio Baião, *O arquivo do Estado português no princípio da nossa nacionalidade. - Teria permanecido em Guimarães?*.—Dr. Claudio Basto, *Canto do Cisne*.—Capt. Mário Cardozo, *Dr. Francisco Martins Sarmento (Esboço bio-bibliográfico)*.—Dr. Joaquim de Carvalho, *Sobre a autenticidade dos sermões de Fr. João Xira*.—Luis Chaves, *Notas etnográficas colhidas na obra de Martins Sarmento*.—Dr. Joaquim Fontes, *Figuras rupestres astrais no santuário pré-histórico de Gião (Arcos-de-Valdevez)*.—Dr. A. de Amorim Girão, *Sepulturas antropomórficas abertas em rocha*.—P. Eugenio Jalhay, *Uma nova hipótese sobre a utilização da indústria lítica de tipo asturiense*.—Dr. J. Leite de Vasconcelos, *Lapida lusitana romana da Amida-das-Viuhas*.—Doutor A. Magalhães Basto, *Algumas páginas inéditas de Fernão Lopes*.—Dr. Jaime de Magalhães Lima, *Francisco Martins Sarmento. O seu legado e o seu carácter*.—Dr. A. A. Mendes Corrêa, *Valencianos e Portugueses*.—Dr. Manuel Monteiro, *Um Génio tutelar*.—Tent. Afonso do Paço, *Vaso de bordo horizontal de Vila Fria*.—Dr. Luis de Pina, *Notas para a Prehistória vimaranense*.—José de Pinho, *Considerações sobre a religiosidade dos citanienses de Briteiros e Sabroso*.—Dr. José Maria Rodrigues, *O Período de Hanô e o seu primeiro comentador*.

—Dr. Gonçalo Sampaio, *Coro das Maçadeiras*.—A Santos Graça, *A crença do Poveiro nas «Almas penadas»*.—Dr. J. R. dos Santos Júnior, *A cerâmica campaniforme de Mairos (tras os Montes)*.—Dr. R. de Serpa Pinto, *O Castelo de Sendim. Felgueiras*.—Dr. José de Sousa Machado, *Casa da Ponte em São Salvador de Braga. Árvore do costado até aos terceiros Avós*.—Dr. Alberto Souto, *A «Pelagia Insula» de Festus Avienus*.—Alberto Vieiro Braga, *Infuencia de São Tiago da Galiza em Portugal*.—Dr. Pedro Vitorino, *Um discípulo de Sequeira*.—Dr. L. Xavier da Costa, *Páginas da «História Resumida das Belas-Artes em Portugal no século XVIII»*.—Dr. C. S. Nicolaescu Plopșor, *Les Celtes en Oltenie*.—Dr. W. Deonna, *Un ex-voto délien: la pivoine*.—Dr. Eugène Pittard e J. Wietrzykowska, *La grandeur du trou occipital en fonction de la capacidade crâniana*.

Iste manifeco volume en que colaboraron persoalidades d'Alemaña, Bélga, Cataluña, Hespaña, Francia, Galiza, Ingraterra, Polonia, Portugal, Romenia e Suiza, profusamente ilustrado e primorosamente editado na «Impresa Portuguesa» do Porto, foi subsidiado pol-o Ministerio d'Istrucción Pública e mais pola Junta de Educación Nacional.

## REVISTAS

**LOGOS**, boletín católico mensual Pontevedra, xaneiro, 1934.

**SUMARIO:** «A Liturxia da Eirexa», Dom M. Arias (O. S. B.). «O fin do mundo», Ramón M. Aller. «Estampas Compostelanas», Xesús Carro. «O canto da Eirexa», D. V. González (O. S. B.). «Bibliografía: Creciente Vega», «Codeseira», J. A. Febreiro 1934

**SUMARIO:** «San Froilán», P. G. Placer (O de M.). «Algo sobre imaxes do Universo», Ramón M. Aller. «O Cardeal Fr. Manuel García Xil», P. A. Pardo (O. P.).

**O INSTITUTO**, Coimbra, 4.<sup>a</sup> serie, vol. 16.<sup>o</sup>, núm. 3.

**SUMARIO:** «Civitas Aeminiensis», A. de Amorim Girão. Breve noticia «sobre o médico português Isaac de Sequeira Samuda», Dr. Augusto d'Esaguy. «Amieira-Do antigo priorato do Crato», Tude Martins de Sousa e Francisco Vieira Rasquinho. «A mutualidade em Portugal», Domingos da Cruz. «Sideróstatos, Helióstatos, Celóstatos», F. de P. Leite Pinto. «Tratamento da úlcera gastro-duodenal. A Pepsinoterapia», Mario Simões Trincão.

Os pobos  
somentes son  
grandes pol-a  
cultura.



Mercade  
Libros  
Galegos.

1000

MERQUE VOSTE DE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.  
VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo  
**Santiago de Galicia**

Dos Profesores

**D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva**

CIRUXANO

XINECÓLOGO

**FOTOGRAVADO**

Si quer qu'os seus fotografiados sexan o mais perfeito posíbres, convenlle envialos aos  
**Talleres de fotografiado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
SANTIAGO